



CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN MATERIA DE FORMACIÓN.

En Santiago de Compostela, a 10 de xuño de 2005

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr D. Xesús Carlos Palmou Lorenzo, Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e Presidente do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia (en adiante CEXESGA), da Xunta de Galicia, con domicilio en Avda. da Cultura, s/n (A Estrada), en virtude das facultades outorgadas no artigo 34 da Lei 1/83, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente e o artigo 5.1 da Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

E doutra o Excmo. Sr. D. Senén Barro Ameneiro, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con enderezo para os efectos deste Convenio no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n (Santiago de Compostela), actuando en nome e representación desta entidade, en virtude das facultades que lle outorga o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.

Ámbalas partes, na calidade na que cada unha delas intervén, recoñécense reciprocamente a capacidade legal necesaria para obrigarse e outorgar o presente Convenio e, para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar co CEXESGA na realización de actividades formativas de interese mutuo, aportando a posibilidade de recoñecer validez académica universitaria á realización de cursos e programas de formación no marco das devanditas actividades.

S



SEGUNDO.- Que o CEXESGA, tal e como sinala o artigo 3 da Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica do mesmo, ten entre as súas funcións a de organizar programas de formación, actualización e especialización profesional para os membros dos corpos de seguridade, singularmente as policías locais e a policía autonómica.

TERCEIRO.- Que a USC, a través do Instituto de Criminoloxía (en adiante ICUS), imparte os estudos de Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, titulación propia desta Universidade que se axusta aos requirimentos da orde ministerial de 19 de novembro de 1996 (BOE de 27 de novembro), pola que se declara equivalente o Diploma Superior de Criminoloxía ao título de Diplomado Universitario, aos efectos de tomar parte nas probas de acceso aos Corpos, Escalas e categorías das Forzas e Corpos de Seguridade, dependentes das distintas Administracións Públicas, nos que o ingreso veña condicionado á posesión dun título de Diplomado Universitario ou equivalente.

CUARTO.- Que o CEXESGA e a USC están de acordo en establecer unha colaboración nos aspectos que resulten de común interese relacionados coa formación e o recoñecemento de estudos e titulacións dentro do eido policial, incluíndo a participación conxunta en proxectos de formación de ámbito universitario.

Para isto, o CEXESGA e a Universidade de Santiago de Compostela acordan instrumentar o presente convenio, de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é articular a cooperación entre o CEXESGA e a USC para contribuir á realización e desenvolvemento do título universitario propio de Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, así como facilitar a obtención deste título por parte dos alumnos do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia de cara a facilitarlles a súa promoción interna e a carreira profesional.

SEGUNDA.- O CEXESGA se compromete a:

- ❖ Colaborar na impartición dos estudos de Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, responsabilizándose da xestión, control, e dirección do "Practicum".
- ❖ Abonar anualmente á Universidade a cantidade que se fixe con anterioridade ao inicio do curso académico, conforme o establecido na cláusula oitava
- ❖ Facerse cargo do custe do transporte dos alumnos do "practicum" á sede do CEXESGA.



TERCEIRA.- A Universidade de Santiago de Compostela, a través do ICUS, asume as obrigas que de seguido se relacionan:

1.- Organizar e dirixir os estudos correspondentes ao título propio de Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, segundo os contidos e obxectivos aprobados polo seu plan de estudos aprobado no Consello de Goberno que se inclúen no **ANEXO I**.

2.- Validar, a proposta da Comisión Mixta, as materias ou disciplinas que formen parte dos programas de estudos dos cursos selectivos organizados e impartidos polo CEXESGA, con suxeición aos criterios adoptados polo Consello de Universidades e ás normas de xestión académica da USC.

3.- Entregarlle ao Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia cinco exemplares de cada unha das Publicacións coordinadas polo ICUS e que se editen dentro do período de vixencia do convenio: a Revista "Estudios penales y Criminológicos" e o "Boletín Criminolóxico da Universidade de Santiago de Compostela".

4.- Organizar cursos, seminarios e outras actividades recoñecibles como créditos de libre elección para os alumnos matriculados na titulación propia de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, axustándose sempre aos criterios xerais aprobados pola Universidade e recollidos na resolución reitoral do 3 de febreiro de 2003 sobre normas para o recoñecemento de actividades como créditos de libre configuración.

5.- Facilitar a posibilidade de que actividades desenvolvidas nos cursos selectivos organizados e impartidos polo CEXESGA podan recoñecerse como créditos de libre elección para a libre configuración curricular dos membros das Forzas e Corpos de Seguridade que se matriculen no título propio de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública.

6.- Facer constar a cooperación da Consellería de Xustiza en toda a información que se difunda sobre o curso, tanto nos medios de comunicación coma no material informativo e pedagóxico que se puidese distribuír.

CUARTA.- As actividades correspondentes ao "Practicum" desenvolveranse nas instalacións do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia e da Universidade de Santiago de Compostela, e para este fin as dúas entidades comprométese a facilitar os locais precisos debidamente acondicionados.

De ser necesario, poderán realizarse nas instalacións doutras entidades ou institucións determinadas actividades específicas.

O CEXESGA organizará e financiará un sistema de transporte para que os alumnos do título propio de Graduado en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública poidan



realizar os cursos e actividades correspondentes ao Practicum, nos termos acordados no presente convenio, na sede do CEXESGA, na localidade da Estrada.

O CEXESGA disporá idéntico sistema para aqueles membros das Forzas e Corpos de Seguridade que, realizando cursos selectivos na sede do CEXESGA, desexen asistir na USC ás clases das materias non suxeitas ao réxime de validacións acordado no presente convenio. O ICUS prestará o máximo apoio humano e material e a máis alta colaboración institucional para facilitar a incorporación dos devanditos alumnos aos estudos de Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública.

O feito de colaborar como profesor nas materias correspondentes ao "Practicum" non constituirá relación contractual entre os profesionais que desenvolvan esta labor e a USC ou o CEXESGA.

QUINTA.- Para optimizar os obxectivos, e asegurar o cumprimento do presente Convenio constituirase unha Comisión Mixta, que estará formada por dous representantes do CEXESGA e outros dous do ICUS, debendo figurar entre os seus membros os directores ou máximos responsables de ambas institucións, actuando como presidente o Director do CEXESGA.

As súas funcións serán:

- a) Propoñer as materias incluídas nos cursos selectivos que se desenvolven no CEXESGA que poden ser obxecto de validación de acordo cos criterios mencionados na estipulación terceira deste convenio.
- b) Establecer os plans e contidos das ditas materias e disciplinas.
- c) Aprobar os programas das materias do "Practicum" correspondente ao título propio de Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública elaborados polo CEXESGA, respectando o contido no plan de estudos, así como as propostas de profesores e colaboradores nas mesmas realizadas pola mesma institución, de acordo coa normativa da USC.
- e) Controlar e avaliar o desenvolvemento das actividades relacionadas con este convenio, elaborando un informe ou memoria anual que deberá reflectir o grao de eficacia acadado e o interese amosado polos colectivos aos que se dirixen.
- f) Supervisar a execución do gasto naquelas actividades que se desenvolvan conxuntamente, tendo en conta a normativa específica aplicable a cada institución.
- g) Implementar e coordinar novas actuacións, temporais ou fixas, de resultaren necesarias para unha mellor formación e cumprimento dos fins que se establecen.
- h) Propoñer anualmente o incremento ou redución da cantidade aportada por matrícula a que fai referencia a cláusula sétima
- j) Interpretar e resolver de xeito amigable as discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do presente convenio.

A Comisión Mixta reunirse cando menos unha vez cada dous meses e ademais sempre que o propoña unha das dúas partes ou o seu presidente.

SEXTA.- A Comisión Mixta poderá propoñer e desenvolver un programa de cursos ou seminarios que serán sempre de aproveitamento e con exame, que se consideren de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL



interese para a formación permanente dos colectivos recollidos neste convenio e axeitadas en relación aos estudos de Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública. Estes cursos desenvolveranse na sede do CEXESGA ou na do ICUS, e poderán ser elixidos polos alumnos para cursar como créditos de libre elección que figuran no plano de estudos. A universidade facilitará o seu recoñecemento como tales con anterioridade a súa impartición sempre que cumpran os requisitos da normativa universitaria.

O profesorado dos devanditos cursos e seminarios deberá ser proposto polo CEXESGA e polo ICUS, sen que se fixe a priori unha ratio ou porcentaxe para cada Institución, senón que dependerá do tipo de materia, curso e sede dos mesmos. Pola súa colaboración o profesorado percibirá a compensación económica que cada Institución teña acordado para as actividades formativas de que se trate, tendo en conta cal delas financia o seu custo.

Terán sempre carácter presencial obrigatorio, agás na porcentaxe de dispensa que se lle asigne a cada curso no momento da súa convocatoria.

SÉTIMA.- Para facilitar o acceso directo dos membros dos corpos de seguridade dependentes das administracións autonómica e local, aos estudos da diplomatura en Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública, o CEXESGA comprométese a aportar, dende o momento da entrada en vigor do mesmo e sen carácter retroactivo, o importe que os membros dos colectivos citados teñan que desembolsar pola matrícula en calquera dos cursos nos que se matriculen.

OITAVA - Esta aportación condicionada terá unha dotación anual máxima que se fixa en TRINTA MIL EUROS con cargo á aplicación presupostaria 13.50.232A.226.17 do presuposto de gastos do CEXESGA. Polo CEXESGA, comunicarase ao ICUS o listado de persoas que teñan financiadas as súas matriculas, ata chegar ao importe fixado anteriormente. No suposto de que non se esgotase a cantidade total prevista, o sobrante deberá empregarse no pago dos gastos que o traslado de alumnos descrito na estipulación 4ª entre ICUS e CEXESGA orixinase, ou poderá sufragar as actividades do "Practicum", ou actividades de formación, das descritas na estipulación 6ª do presente convenio, sempre pola orde descrita.

Os dereitos de matrícula abonados destinaranse, ao financiamento das actividades docentes enmarcadas no título de Ciencias Criminolóxicas e da Seguridade Pública e ao desenvolvemento daquelas outras que constitúen os fins propios do ICUS. Non obstante o anterior, o CEXESGA farase cargo das retribucións dos profesores e colaboradores docentes nas materias correspondentes ao "Practicum", de acordo coa compensación económica que o propio CEXESGA teña acordado para as actividades formativas.

NOVENA.- As controversias que xurdan como consecuencia da aplicación do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola Comisión Mixta e, de non chegar á resolución satisfactoria, o conflito será formulado ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local e ante o Excmo. e Magnífico Reitor da USC, para que de mutuo acordo resolvan o procedente. De non chegar a tal acordo, as



cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do convenio serán resoltas na xurisdicción contencioso-administrativa, por ser a natureza do presente Convenio de carácter xuridico-administrativa.

DÉCIMA.- O presente convenio ten vixencia, dende a súa sinatura, durante o ano 2005 e poderá prorrogarse nas súas estipulacións para cada ano natural, engadíndose como adenda ao mesmo o importe que para esa anualidade constituía a cantidade a aportar.

Non obstante o anterior o convenio poderase resolver por denuncia de calquera das partes para a seguinte anualidade, non podendo afectar en ningún caso ás actividades programadas pendentes de execución.

E, en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo CEXESGA,

O Conselleiro

Asdo.: Xesús C. Palmou Lorenzo

Pola Universidade de
Santiago de Compostela

O Reitor



Asdo.: Senén Barro Ameneiro

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello Goberno da Universidade, na súa sesión do día 20 de xuño de 2005, **acordou** aprobar-lo presente **“Convenio de cooperación entre o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela en materia de formación”**. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Reitor.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2005

Vº e Pr
O REITOR



Senén Barro Ameneiro



O SECRETARIO XERAL



Joaquín Rodríguez -Toubes Muñiz

XA 0294